



*TRASMONTE (SANTIAGO)



Parroquia cunha superficie de 8,1 Km² situada no nordeste do municipio de Friol, que conta con 81 habitantes repartidos en 15 entidades de poboación: A Bouzaboa, A Bouzaboa de Abaixo, A Calle, O Curral, A Devesa, O Estanque, O Fontao, Os Mosqueteiros, A Muraza, O Pazo, A Pena, A Ramada, A Rocha, Vilaríño e Vilarmende. A súa densidade de poboación é de 10 hab/km².



Como noutras parroquias, o monumento máis destacado é a súa igrexa, cuxa orixe se encadra dentro do románico aínda que foi profundamente reformada no barroco. Ademais, conta cun castro, o que indica que esta zona era bastante rica en recursos. Dise que o empregaban os romanos para asegurar a defensa do que actualmente é a cidade de Lugo, e nel atopáronse unha gran cantidade de restos da época. Outro resto de épocas pasadas é un sartego, que se sitúa ao redor dos séculos VII-VIII, coincidindo coa etapa na que estiveron os suevos e os visigodos. Del consérvase a tapa monolítica, algo non demasiado común xa que, ao empregarse posteriormente para usos diversos, adoitaban perdela.

Ademais de ser unha parroquia do concello de Friol, Trasmonte é do municipio de Ames e do de Oroso (ambos en A Coruña). Tamén é un lugar das parroquias citadas, e de San Cristovo de Dombrodán (Arzúa), Santalla de Cervo (Cedeira), San Martiño de Barbude (A Estrada), San Martiño de Mondoñedo (Foz), Santa María de Neda (Neda) e San Mamede de Vilachá (A Pobra do Brollón).

O nome de **Trasmonte** alude a unha situación orográfica concreta, *trans montem* («tras dun monte»). Tamén cabe a posibilidade de que proveña do antropónimo xermánico *Trans-mondo*, que fundou alí unha *villa*.

En canto ós lugares, **A Bouzaboa** é un topónimo composto pola forma prerromana **balcea/*baltia* («bouza») e o adxectivo latino *bona* («boa»). Refírese basicamente a un terreo abandonado no que abunda a maleza.

A Bouzaboa de Abaixo contén o matiz de ser un lugar situado a unha altitude inferior, grazas á forma *bassus*.

A Calle pode proceder da forma latina *callis*, que se refire a un camiño para o gando, ou do antropónimo *Callius*, que fundaría a *villa Callii*.

Por outro lado, **O Curral** explicouse previamente (v. nº 11), ao igual ca **A Devesa** (v. nº 1, nº 18).

O Estanque ten unha orixe inicialmente prerromana, xa que parte do céltico *ektanko*, que ten *extancare* como forma latina. Concretamente, provén do lat. *stagnum* («depósito de auga»).

O Fontao deriva de *fontanu*, un adxectivo que se basa no lat. *fonte* (<*fons*).

Os Mosqueiros procede do latín *muscarium* (que vén á súa vez de *musca*, «mosca») e é un lugar no que abundan estes insectos. Pode tamén facer referencia a un lugar con herbas altas que medran entre a semente. Este lugar figura nos Tombo de Sobrado como *Muscarios*.

A Muraza, pola súa parte, é un topónimo cunha orixe bastante incerta. Unha das teorías explica a súa procedencia a partires de (*nux*) *moracia*, unha noz moi dura ou unha muralla grande.

O Pazo mencionouse xa anteriormente coma unha variante de Pacio (v. nº 17), ao igual ca **A Pena** (v. nº 5 e nº 6). **A Ramada** era *ramata* no baixo latín e deriva de *ramus* («ramo»). **A Rocha** (v. nº 20) e **Vilariño** (v. nº 15).

Vilarmende foi *villar* *-are* de *Mendo/Menendo*, un antropónimo xermánico.

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Etnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis